


A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO I./ ANO XVIII./ 2007

Xaneiro • Febreiro • Marzo

S E P A R A T A

Sotelo blanco



MANUEL VILANOVA:

A ESMERALDA BRANCA

Libros da Frouma, Follas Novas Edicións,
Santiago de Compostela, 2006

Carlos L. Bernárdez

Manuel Vilanova (Barbantes, Ourense, 1944) ten un lugar reservado na poesía galega xa desde os oitenta, nos que foi un dos primeiros renovadores da nosa lírica con *E direi-vos eu do mister das cobras* (1980), libro ao que precedera *A tarde chea de verán* e ao que seguiría outra achega moi relevante en 1985: *A lenda das árbores de prata*, Premio da Crítica ese mesmo ano. O poeta do Ribeiro presenta agora un novo e extenso poemario *A esmeralda bronca*, un longo e intenso percorrido poético que o sitúa outra volta na cerna do noso discurso lírico.

Na poesía de Manolo Vilanova os versos non teñen límite, organizándose con constantes reiteracións temáticas, como se dunha melodía musical se tratar, que permite frecuentes variacións sen romper cunha profunda homoxeneidade emotiva. O seu discurso está dominado pola circularidade e o desbordamento, cunha sintaxe que se rompe ao pulo da paixón.

O poeta crea un cosmos que ás veces nos enlea como tupida arafieira, un cosmos que ten esteos firmes nas terras da experiencia vital (O Ribeiro, Tui, Vigo) e no que o mítico, o paisaxístico, o simbólico e o vivencial son tratados con enorme liberdade e no que a muller ocupa un lugar central.

As referencias culturais, estéticas, artísticas e simbólicas son constantes n' *A esmeralda branca*, mais nunca afogan a capacidade de comunicación e a comprensión. Neste sentido, cómpre lembrar que a multiplicación de linguaxes poéticas é un feito moderno que obriga o escritor a unha escolla, fai da forma unha conduta e provoca unha ética da creación literaria. No caso da poesía de Vilanova, o interese e o emprego do simbolismo non se converte en algo hermético senón nunha construción aberta, permeábel e polisémica, mais firmemente enraizada nunha cosmovisión e nunha tradición, da que se sente partícipe, continuador e renovador.

Vilanova alterna ao longo de todo o libro o ton discursivo con momentos de contención elexíaca. Estamos perante unha poesía do noso presente, tecnicamente dunha modernidade absoluta pero que dialoga con figuras literarias como Ramón Otero Pedrayo ou o Padre Samuel Eiján —ligados ás paisaxes natais do poeta— ou coa poesía bucólica latina.

Firme nas súas conviccións poéticas, Vilanova aposta pola cultura vivenciada, polo simbolismo, pola tradición (céltica, medieval...) e a vangarda, mais sobre todo por unha actitude de continuación dun discurso poético sólido e sen físgoas, pola construción dun universo ético e estético, de sólidos alicerces e coa linguaxe como valor permanente, non apenas como valor instrumental, senón como totalidade, como razón e vehículo de comunicación ao tempo. A poesía funciona, daquela, como autoconecemento, tradución e reflexión sobre o mundo, como medición da condición humana e como unha procura de sentido, mesmo espacial, revelándose a obra como un lugar, un suxeito e un punto de vista.

A esmeralda branca, a pedra tamén da creación poética e o libro, é unha declaración de fe na vida e na linguaxe, como demostran as propias palabras do escritor cando afirma que nunca «puido vivir alí onde non viviu para o sagrado».

Hai momentos na obra de Manolo Vilanova nos que a sutileza da que fai alarde para ligar o vital e o cultural é de enorme intensidade, poemas como «A trenza» no que se enlaza unha cantiga popular, dun simbolismo evidente coa nosa arte medieval. «Diante dos/ nosos pasados, alzáse nun tímpano zoomórfico, dándonos a man —un ser mítico—, un arquetipo para o longo camiño do inconsciente e do instinto, principio/ de forzas cósmicas que arden nos nosos lares/ no noso pensamento».

Neste, e en moitos outros versos, o poeta condensa creativamente o simbolismo da cultura popular e das artes plásticas, construíndo unha obra que sen renunciar á tradición, ben pola contra, reivindicándoa a cada paso, renova a linguaxe, dotando dunha nova profundidade ás vellas palabras da tribo, que xa non teñen a función de simplemente comunicar, senón que impoñen un alén da linguaxe que é ao mesmo tempo unha toma de partido polo valor da palabra e da vida.